



A Coruña, Setembro de 2009

De novo o club Patinaxe Artística Brincadeira vai celebrar o II Trofeo Brincadeira, nesta ocasión na súa FASE II: GRUPOS -SHOW

Esta fase céntrase na modalidade Grupo-show, o que implica coreografías que cumplan coa normativa establecida pola Federación Española de Patinaxe Artística en canto a duración , dificultades, vestiario... e adaptase tamén a normativa da Competición Deportiva en Idade Escolar.

Ademáis, é a petición dos clubs participantes, ampliamos as categorías na competición e, seguindo coa liña marcada polo Deporte Galego en Idade Escolar, creamos dúas competicións independentes:

- **Grupos-Show de Educación Primaria** (dende 7 a 12 anos), con dúas categorías como marca a Federación Galega, sendo Grupo Grande (máis de 16 patinadores en pista) e Grupo Pequeño (entre 6 e 12 patinadores, aínda que neste caso a nosa normativa é máis flexibel en canto a estes números, podendo ser de 13, 14 ou 15 patinadores).

A duración da coreografía vai entre 3 e 4 minutos como máximo.

- **Grupos -Show de Educación Secundaria** (dende os 12 anos en diante), con dúas categorías tamén Grupo Grande e Grupo pequeno.

Neste caso a duración das coreografías vai entre 3 e 5 minutos, adaptándonos así tanto a Deporte Escolar coma a Competición Federativa.

No caso das competicións organizadas pola Federación Galega, somentes poden participar na competición de Grupo os patinadores que teñan 12 anos en diante, polo que **o engadir no Trofeo os patinadores con idades máis tempranas**, estamos a promover ésta modalidade deportiva dentro da Patinaxe Artística, e tendo en conta que **Galiza é a segunda potencia española dentro desta modalidade**, é moi adecuado **potenciar a idades tempranas a adquisición de destrezas que favorezcan o traballo posterior nos Grupos de Show**.



Para poder participar no Trofeo Brincadeira soamente tedes que cumprir tres requisitos:

- Estar federado ou ter seguro médico
- Ter entre 7 e 12 anos para competir en Primaria , ter máis de 12 anos para competir en Secundaria
- Non ter participado no campeonato de España do ano en curso coa coreografía que se presenta.

A **Fase Individual** do II Trofeo Brincadeira tivo lugar o pasado 10 de Maio no pavillón Polideportivo de Monte das Moas en A Coruña, e consistiu nun campionato de programas individuais coas mesmas dificultades e duración que marca a Federación Galega de Patinaxe Artística no exame de acceso a grupos -show.

A **Fase Grupos_Show** do II Trofeo Brincadeira terá lugar o **19 ou 20 de Novembro no pavillón de Monte das Moas ou no de Elviña II** (pendente de confirmación de fecha).

O **prazo de inscrición de grupos é ata o vindeiro 30 de Novembro** e realizarase a través do correo electrónico do clube: clubbrincadeira@yahoo.es . Se tedes algunha dúbida podedes envia-la a este correo.

Esperamos a vosa participación.



FOLLA DE INSCRIPCIÓN

. Nome do Clube, Agrupación ou Escola á que pertence:

. Categoría na que se inscribe:

PRIMARIA GRUPO GRANDE -----

-

PRIMARIA GRUPO PEQUEÑO -----

-

SECUNDARIA GRUPO GRANDE -----

SECUNDARIA GRUPO PEQUEÑO -----

. Nome do grupo ou da coreografía:

. Número de patinadores/as do grupo

. Escrito de ata 25 palabras contando o tema sobre o que vai a coreografía. (esta información se lle facilitará ó xurado)

. Delegado do clube (nome, teléfono ou mail de contacto):

. Entrenador do clube (nome , teléfono ou mail de contacto):

As músicas deben ser presentadas en formato CD lexible por un reproductor normal (non MP3, MP4, Ipod ...)